

Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. II

MARÍA ARES SANMARTÍN

Un estudo coordinado por Henrique Monteagudo e Xan Bouza analiza a situación da lingua galega nos medios de comunicación, coa realización de máis de mil enquisas entre a poboación adulta de Galicia e do 4 de decembro de 2003 ó 4 de xaneiro de 2004.

No que atinxe ao consumo de medios, as cifras indican que a radio é escoitada diariamente polo 66% da poboación, e a televisión vista polo 92%. Os medios escritos acadan un seguimento máis reducido: un 48% le o xornal todos os días e un 25% da poboación le diariamente. No que atinxe ás novas tecnoloxías o nivel de penetración é moi baixo, a cota de consumo diario acada o 10%, e sete de cada dez galegos nunca navega por internet. O estudo indica tamén que un 6% dos galegos vai ao cine unha ou máis veces por semana.

Os medios de comunicación existentes en Galicia hoxe en día permiten optar polo galego ou polo castelán de forma moi desigual, porque por exemplo, no que respecta aos diarios en galego a oferta é moi escasa comparada cos que saen en castelán.

Así como na televisión e na radio o emprego da oferta en galego é considerable, o 61% da poboación utiliza diariamente a TVG como medio de comunicación e polo que respecta á radio, unha de cada tres persoas escolle unha emisora galega, non ocorre o mesmo no que fai referencia aos xornais ou ao cine ou a internet.

Así o grao de penetración dos xornais acada case o 50%, mentres que os que len xornais en galego apenas ultrapasan o 15%.

O estudo pon de relevo que os consumidores galegos son moi conscientes da minorización da lingua nos medios de comunicación, en ningún dos medios analizados chegou ao un por cen a porcentaxe de persoas que consideran excesiva a presenza do galego. Á hora de ser preguntados se reclaman unha maior presenza do galego nos xornais a porcentaxe é tremendamente significativa, un 60% da poboación considera que debería aumentar o galego tanto nas seccións informativas como nas de opinión. Os que cren que o xornal ten suficiente cota de galego acada o 18%.

Desglosado por xornais, a variable vai dende o 49% de persoas que reclaman máis galego en *El Correo Gallego* ao 72% de peticións sobre un maior uso do galego en *El Progreso*. No caso do *Diario de Ferrol*, a porcentaxe de reclamacións é do 57%.

O estudo conclúe apuntando a demanda dun novo xornal en Galicia no que a lingua preferida por un 51% sería o galego, un 11% o castelán e un 33% decántase por un bilingüismo.

Vou traer a colación outro estudo, este feito con anterioridade e que seguramente todos o coñeceredes, pero que servirá de contextualización ao tema que se trata.

O Mapa Sociolingüístico de Galicia, elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega amosa que en Ferrol o 57,7% da poboación é castelán falante inicial, mentres que un 25,4% aprendeu a falar en galego. En Ferrol, só o 4,6% dos mozos con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos tivo como lingua materna o galego, fronte ao 46,4% dos maiores de 65 anos. A caída da transmisión interxeracional neste concello ascende a 42 puntos. Hai que tomar estes datos con cautela posto que teñen doce anos; seguramente, de actualizarse estas cifras poderíamos constatar que o emprego do galego como lingua materna descendeu aínda máis, anque o grao de competencia da poboación en galego, coa introdución no ensino, aumentou de forma considerable entre as novas xeracións.

Seguindo co Mapa, a nivel xeral a práctica totalidade da poboación galega declara entender moito o galego, o 93,6%; porén, máis da metade da poboación de Ferrol declara ter escasas competencias para ler en galego (un 12,7% afirma que non sabe ler nada e un 38,8% un pouco). No que respecta á competencia escrita, no concello de Ferrol o 40,3% afirma que non sabe escribir nada en galego.

En definitiva, o Mapa amosa unha situación que induce a pensar que Ferrol é un dos concellos galegos cunha menor proporción de galegofalantes.

Isto lévame a pensar que aquí hai algo equivocado, porque segundo o estudo presentado onte por Álvarez Sousa sobre o uso do galego na Universidade da Coruña, o campus de Ferrol é o máis galegofalante dos catro campus universitarios. E iso que aquí a maioría das titulacións son técnicas e non humanísticas que é onde se produce un maior emprego do galego. Haberá que estudar en profundidade o traballo do decano de Socioloxía para ver como é posible que na cidade máis castelanizada haxa os universitarios que máis falan en galego.

Para rematar, o estudo recollía a actitude da poboación con respecto á presenza do galego nos medios de comunicación escritos, detectándose no caso do concello de Ferrol unha actitude bastante positiva, sobre todo entre as persoas con estudos secundarios e universitarios.

Tanto en Ferrol como en xeral en Galicia, considérase que a responsabilidade da normalización lingüística do galego correspóndelle en primeiro lugar á Xunta de Galicia e a continuación aos gobernos municipais.

Pois ben, neste sentido e despois desta longa introducción, quería explicar o proceso de xestación do Plan de normalización lingüística que levou a cabo o Concello de

Ferrol co anterior goberno municipal. Non me vou estender moito porque creo que xa se explicou antes. Quero lembrar simplemente que no 2001 constituíuse o Consello Municipal da Lingua, ao que pertencín, que tomou como primeiro acordo elaborar un Plan de normalización lingüística para o concello, que finalmente sería aprobado en marzo de 2003. Neste tempo, unha longa serie de persoas de varios ámbitos de Ferrol, entre as que me inclúo, así como tamén Ramón Loureiro, contribuímos en maior ou menor medida á elaboración do plan durante o ano 2002 e os primeiros meses de 2003, coordinados pola empresa Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais.

O proceso de traballo levou a identificar uns sectores considerados de interese estratéxico para implicalos na elaboración do plan. Definíronse varios grupos: Administración municipal, Socioeconómico, Sociocultural, Ensino e mocidade, Medios de Comunicación e ámbito relixioso.

O desenvolvemento do traballo levado a cabo pola empresa Cidadanía consistiu nunha serie de entrevistas individuais a algunhas persoas do Consello Municipal da Lingua e, posteriormente establecer reunións colectivas cos integrantes de cada grupo, formado por profesionais dos medios. Os encontros servían para contrastar e poñer sobre a mesa as opinións que os implicados tiñan sobre o estado do galego no seu sector e as medidas que se poderían tomar para mellorar a situación.

As conclusións presentadas por Cidadanía artellaron o proceso de recollida de datos ao redor dun diagnóstico no que se apuntaban as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades.

Nas debilidades do emprego do galego nos medios de comunicación, había aspectos como a falta de hábito de aplicación do galego ou o grao de capacitación real dalgúns profesionais que non están escolarizadas nesta lingua, ou, todo hai que dicilo se están escolarizados non se senten competentes nesta lingua debido aos cambios que se produciron na fixación do vocabulario. Púxose tamén en evidencia a necesidade de contar cun corrector específico para o galego, o que suporía un desembolso económico para as empresas que non sempre están dispostas a aceptar.

O que se especificaba referente ás ameazas, fortalezas e oportunidades ía pola liña da traballo realizado por Henrique Monteagudo e Xan Bouza, así como polos datos que reflicte o Mapa Sociolingüístico, en canto a boas actitudes de cara ao galego, así que non redundarei nesta cuestión.

Un ano de traballo, que eu me perdín en parte, sobre todo ao final porque coincidiu co final do meu embarazo, deu como conclusión unha proposta de medidas concretas para aumentar a presenza do galego na cidadanía ferrolá, non só nos medios de comunicación, senón en todos os sectores estudados.

En concreto, na miña área, propuxéronse catro obxectivos:

Incentivar o incremento do uso da lingua galega nos medios de comunicación a nivel de Ferrol. Fomentar o uso do galego entre os xornalistas, apoiando o seu desenvolvemento profesional nesta lingua. Promover o uso do galego nos servizos prestados polos medios de comunicación. Impulsar estratexias de colaboración e de promoción conxunta da lingua galega no mundo da comunicación.

Cada un dos obxectivos desenvolveríase a través de varias liñas de acción que terían unha concreción nunha serie de medidas. Por poñer algúns exemplos, para incentivar o uso do galego nos medios propoñíase desenvolver encontros cos responsables dos medios para ademais de transmitir as conclusións do plan e facerlles ver a boa disposición que se encontrou na cidadanía ante a presenza do galego nos medios, promover encontros de intercambio con delegacións doutras comunidades bilingües, ou explorar as posibilidades de contar cunha emisora municipal como factor de normalización.

Para mellorar as competencias lingüísticas dos profesionais, ademais de ofrecer formación, propúñase promover acordos para garantir a asesoría lingüística dos profesionais e difundir materiais e instrumentos que facilitasen o uso do galego, como software básico e correctores.

Este plan, que algúns consideramos esperanzador e que se aprobou no pleno do Concello de Ferrol o ano pasado, finalmente non chegou a entrar en vigor. Cambiou de goberno e o actual, de momento, non se pronunciou neste tema.

Con todo, non se debe acusar unicamente ao goberno nin ao local nin ao autonómico, da situación do galego actual, senón que é un asunto que nos compete a todos e no que a sociedade ten un papel moi relevante e un grao de responsabilidade importante. Habería que mirar, quizais, a outras comunidades e ver como están a vivir o proceso normalizador, como por exemplo en Cataluña. Aínda que a situación de partida non é nin parecida, posto que mentres que en Cataluña o catalán é unha lingua prestixiada, que se transmitiu a través das clases adiñeiradas, no caso de Galicia foi ao revés, xa que se transmitiu no mundo rural e obreiro, co lastre que isto lle supón de desprestixio. Así que temos en Galicia unha situación diglósica na que o castelán segue a ser o idioma dominante.

En Cataluña vívese hoxe en día unha situación moi boa en canto á presenza do catalán nos medios de comunicación, chegando ao 15% os xornais en catalán, e a esta situación chegou pola presión social e non polas subvencións. Estamos falando dun país en que o castelán se usa na administración pública como segunda lingua en caso de que o cidadán o solicite expresamente. Hai un xornal, *Avui*, que leva perto de trinta anos editando integramente en catalán. Na actualidade, a presenza do catalán reflíctese tanto en diarios escritos na súa totalidade en catalán, como en xornais que editan en castelán e conteñen unha parte das súas informacións en catalán, ou que publican suplementos nesta lingua.

Cabe reflexionar tamén sobre o exemplo que dan as persoas no poder en Galicia, non só no aspecto político, senón en todas as áreas, sobre todo a económica. Por poñer un exemplo, cando en Ferrol gobernou o BNG, en alianza co PSOE, a presenza do galego nos medios de comunicación era maior, porque o alcalde e os concelleiros se expresaban en galego. Penso que é moi importante que as fontes de información se expresen en galego, máis que dar subvencións aos xornais, porque en gran medida que unha información vaia

en galego ou en castelán depende do propio xornalista. No caso do *Diario de Ferrol*, é bastante frecuente que se fagan os artigos en castelán cando as fontes se expresan en castelán e en galego, se a información facilitada é así. Non sempre se cumpre esta regra tácita porque o dominio da lingua castelá é superior á galega, pero a tendencia vai por aí.

Considero fundamental que haxa esta presión por arriba, por parte das institucións, pero tamén a ten que haber por abaixo, como sucedeu no caso de Cataluña, ten que haber unha presión social que demande activamente este uso.

Un comentario á parte merece a publicidade en lingua galega. Non hai máis porque se pensa que non vende, que o mercado se limitaría, pero tamén porque os comerciantes non ofrecen esta posibilidade aos anunciantes. No entanto, tampouco se ven anuncios de particulares, como nos anuncios por palabras ou as esquelas en galego, salvo en contadas ocasións. E isto é así a pesar de que un estudo do Consello de Cultura Galega *Publicidade e Lingua Galega* do ano 1996 amosaba a cifra do 81.7% de consumidores que afirmaban poder ler sen ningunha dificultade un escaparate escrito en galego. Este mesmo traballo recollía o dato dun 63% de persoas ás que lle parecía ben o uso do galego na publicidade e só ó 2.9% lle parecía mal.

É dicir, se as cifras corroboran o futuro do galego como lingua vehicular, ¿por que isto non se reflicte nin nos medios nin na sociedade?